



Cooperación Galega: O mundo que queremos

Radio Tehuacán e as radios libres e comunitarias galegas

As radios libres e comunitarias galegas

Resúltanos común atopar, ao sintonizar a radio -por internet ou no receptor da casa ou do coche-, toda unha serie de emisoras de carácter comercial, integradas en grandes grupos, que repiten máis ou menos discursos maioritarios. No entanto, hai espazo aínda nas ondas hertzianas da nosa contorna para proxectos diferentes. Contrainformativos. Programas que prestan atención a xéneros musicais relegados das grandes emisoras. Espazos que tratan de intereses minoritarios. Varios proxectos de radio libre e comunitaria mantéñense con máis ou menos forza en Galicia, e son os que en *O mundo que queremos* nos interesa rescatar como exemplos de medios de comunicación alternativos que tratan de dar voz a quen non a ten nos medios convencionais.

A Kalimera - 108.7 - Santiago de Compostela

Non conta cunha estrutura legal de funcionamento. Os micros da Kalimera veñen habitando espazos dos centros sociais autoxestionados da cidade (actualmente faino dende o local da Gentalha do Pichel). A necesidade de buscar financiamento para garantir a independencia do proxecto fai de moitos dos colectivos que sosteñen radios libres uns grandes dinamizadores do seu contorno ao ter que organizar diversas actividades fóra das ondas de recadación de fondos e dinamización, coma cursos, comedores populares, ou concertos. Deste xeito teñen chamado iniciativas coma a Festa Hortera da Kalimera, con 17 edicións ás costas.

+ <http://akalimera.org/>

Cuac FM - 103.4 FM - A Coruña

Radio xestionada pola asociación cultural Colectivo de Universitarios Activos, que da nome á emisora que emite desde un edificio do Campus Universitario de Elviña. É un dos proxectos fundadores da Rede de Medios Comunitarios, asociación que da forma xurídica ao movemento de medios comunitarios no estado español. CUAC FM é defensora da regulación dos medios comunitarios e ten loitado por posuír unha licenza para a emisión (sen conseguilo ata o momento). Como é habitual nestas emisoras, funciona economicamente de xeito autoxestionado; se ben, aceptan patrocinios de pequenos locais na páxina web e nas redes sociais como xeito de manter economicamente o proxecto.

+ <http://cuacfm.org/>

Radio Filispím - 93.9 FM - Ferrol

É unha iniciativa do Colectivo OPAIL (Ondas Para Activación Información Independente), unha Asociación Cultural da comarca de Ferrol que pretende activar, dinamizar e comunicar as loitas sociais e culturais da comarca, servíndose para isto de diferentes instrumentos, como son a realización de actividades, exposicións, publicacións, proxeccións, o intercambio de información, etcétera; pero cunha actividade principal que actúa de elemento de aglutinante, como é a radio libre e comunitaria da comarca, Radio Filispim.

+ <http://opaii.blogspot.com.es/>

Radio Piratona - 106.0 FM - Vigo

Nacida en 1988, é a veterana na nosa comunidade. Realizou a súa primeira emisión desde a escola de FP do barrio de Teis, mais pronto foi censurada polo claustro da mesma ante unha ameaza por parte do Ministerio, dado o carácter ilegal da emisión, pasando a emitir desde a clandestinidade. Entre as radios libres galegas de longo percorrido, coma esta, son comúns anécdotas como os cambios de local, os problemas técnicos ou períodos en que non ten podido emitir por teren quedado sen frecuencia, e en xeral coinciden no paso de moreas de xente e de propostas.

+ <http://sindominio.net/piratona/drupal/>

Radio Roncudo - 106.1 FM - Corme

Distínguese por ser unha das apostas máis recentes en Galicia (comezou a emitir en 2004), por estar arraigada no entorno rural coma é a vila de Corme na comarca de Bergantiños e por partir dunha asociación veciñal. Ademais da emisión por internet e por FM, Radio Roncudo está irmandada con outras radios da Costa da Morte coas que comparte emisións.

+ <http://corme.net/>